# Curso 2020-2021

# Presentación da proposta educativa
# 6 º Curso de Primaria



# Un novo reto




6º

# Proposta Educativa 2020-2021

A tráves da seguinte presentación queremos achegarvos as nosas propostas organizativas e didácticas para o actual curso e solicitar a máxima colaboración para acadar, entre todos, os obxectivos desexados. Imos aló...

6º

# Benvida a todas as nosas familias



PAULA 6º A




JUAN A. 6º B

6º

# Benvida a todas as nosas familias

UN CURSO NOVIDOSO E CON MOITOS RETOS

PREZADAS FAMILIAS:

ESTAMOS DIANTE DUN IMPORTANTE RETO QUE ESTÁ A MARCAR NOVAS TENDENCIAS SOCIAIS, FAMILIARES E LABORAIS. O SISTEMA EDUCATIVO, UN AUTÉNTICO UNIVERSO DE RELACIÓNS HUMANAS ESTÁ A CAMBIAR NA SÚA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E AFECTIVA PARA PODER SEGUIR SENDO UN REFERENTE DE ENCONTROS, DE APRENDIZAXES E DE SUPERACIÓN DE RETOS.

A COVID19 VEN A PROBAR A NOSA CAPACIDADE DE UNIR ESFORZOS, PRIORIZAR AS NECESIDADES BÁSICAS E A DEMOSTRAR A NOSA FORZA COMO SOCIEDADE.

NOVAS DINÁMICAS ESCOLARES

DENDE O MES DE AGOSTO ESTAMOS A TRABALLAR PARA GARANTIR UNHA DINÁMICA ESTABLE E SEGURA.

NO ACTUAL CONTEXTO E NOS MESES SEGUINTES O NOSO TRABALLO TERÁ COMO EIXOS DE ACTUACIÓN:

1- A SEGURIDADE FÍSICA DA NOSA COMUNIDADE, CUMPRINDO COS PROTOCOLOS DE CENTRO.

2- O COIDADO EMOCIONAL DOS NOSOS "ESCULTORES E ESCULTORAS".

3- A CONSOLIDACIÓN DAS APRENDIZAXES BÁSICAS E IMPRESCINDIBLES DE CADA NIVEL EDUCATIVO.

4- A INTEGRACIÓN NAS NOSAS DINÁMICAS EDUCATIVAS DAS NOVAS FORMAS DE ENSINAR E APRENDER: AULA VIRTUAL, VIDEOCONFERENCIAS, CORREOS ESCOLARES, ETC.

6º

# Protocolos de centro

- DOCUMENTOS DE CENTRO

  ESTES TRES DOCUMENTOS SERÁN OS REFERENTES DA NOVA ORGANIZACIÓN ESCOLAR. ESTÁN SUXEITOS A POSIBLES MODIFICACIÓNS.

  ESTÁN PUBLICADOS, PARA A SÚA CONSULTA, NA NOSA WEB DE CENTRO
- (FACER “CLIC” NA IMAXE)



# Protocolos de centro










6º

# Entradas e saídas

ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS

8:50: APERTURA DE PORTAS. ENTRADA AO RECINTO.
PORTA ACCESO DESDE O FINAL DO PATIO GRANDE: 3º-4º-
5º-6º

9.00-9.15: ENTRADA GRADUADA NO EDIFICIO (SUBIR ÁS AULAS, ACOMODACIÓN E HIXIENE)

COMO NORMA XERAL NON SE PERMITIRÁ O ACCESO ÁS FAMILIAS DENTRO DO RECINTO ESCOLAR NAS ENTRADAS.

ORGANIZACIÓN DAS SAÍDAS

13.45-14.00: SAÍDA GRADUADA DO EDIFICIO.

AS TITORAS/TITORES SERÁN AS PERSOAS ENCARGADAS DE ENTREGAR AO ALUMNADO. AS FAMILIAS ESPERARÁN AO ALUMNADO NOS PATIOS DESIGNADOS (NA PISTA DE BALONCESTO, ALUMNADO DE 5 E 6º) E ABANDONARÁN O RECINTO DE MODO GRADUADO A MEDIDA QUE SE LLES FAGA ENTREGA DO ALUMNADO QUE SAIRÁ TAMÉN DE MODO GRADUADO.

6 º

# Equipo Docente

## TITORA: PAULA IGLESIAS FERNÁNDEZ

## GRUPO DE 6º A

INGLÉS

LENGUA

MATEMÁTICAS

CIENCIAS NATURAIS

CIENCIAS SOCIAIS

6º

# Equipo Docente

DIEGO
ED. FÍSICA

JUAN S.
RELIXIÓN

PATRICIA
MÚSICA
E PLÁSTICA

ARCADIO
A.L.
OBRADOIRO
VALORES

JOSÉ A.
L.GALEGA

6º A

# Equipo Docente

TITOR: JUAN ANTONIO GRAÑA RODRÍGUEZ
GRUPO DE 6º B

LENGUA

MATEMÁTICAS

6º

# Equipo Docente

DIEGO

ED. FÍSICA

JUAN S.

RELIXIÓN

PATRICIA

MÚSICA

E PLÁSTICA

CIENCIAS SOCIAIS/NATURAIS

ARCADIO

A.L.

OBRADOIRO

PAULA

INGLÉS

JOSÉ A.

L.GALEGA

VALORES

6º

# Calendario escolar




- **Período Lectivo:** do 10/09/19 ata o 22/06/20
- **Días non lectivos:** Día do Ensino: 7 de decembro.
- **Días non lectivos no curso:** 13 de outubro de 2020 e 18 de maio de 2021.

6º

# Vacacións escolares

- **Nadal:** do 23 de decembro ata o 7 de xaneiro 2021 ámbolos dous inclusive).
- **Entroido:** 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.
- **Semana Santa:** do 29 de marzo ao 5 de abril 2021 (ámbolos dous inclusive).
- **Verán:** 23 de xuño de 2021.




6º

# Horario do Centro

- **XORNADA CONTINUA:** DE 9 A 14 HORAS. (HORARIO LECTIVO)




6º

# Horario de clase

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9.00-9.15 | ENTRADA Á AULA E DESINFECCIÓN (HIDROXEL) | | | | |
| 9.15<br>9.55 | MATEMÁTICAS | L.CASTELÁ | MATEMÁTICAS | MÚSICA | OBRADOIRO |
| 9.55<br>10.35 | L.GALEGA | MATEMÁTICAS | MATEMÁTICAS | INGLÉS | MATEMÁTICAS |
| 10.35<br>11.15 | L.GALEGA | C.SOCIAIS | C.NATURAIS | L.GALEGA | C.SOCIAIS |
| 11.15-11.45 | MERENDA E HORA DE LER | | | | |
| 11.45-12.15 | RECREO | | | | |
| 12.15-13.00 | E.F | INGLÉS | RELI/ VALORES | L.CASTELÁ | PLÁSTICA |
| 13.00-13.45 | E.F | INGLÉS | L.CASTELÁ | C.SOCIAIS | C.NATURAIS |
| 13.45-14.00 | RECOLLIDA E ORDE DA AULA. SAÍDA ESCALONADA | | | | |

6ºA

# Horario de clase

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9.00-9.15 | ENTRADA Á AULA E DESINFECCIÓN (HIDROXEL) | | | | |
| 9.15<br>9.55 | *CIENCIAS SOCIAIS 1 (Patricia)* | *LENGUA CASTELLANA (Juan)* | *CIENCIAS SOCIAIS 2 (Patricia)* | *INGLÉS (Paula)* | *LINGUA GALEGA (José A.)* |
| 9.55<br>10.35 | *MATEMÁTICAS 1 (Juan)* | *CIENCIAS NATURAIS (Patricia)* | *CIENCIAS SOCIAIS 3 (Patricia)* | *CIENCIAS NATURAIS (Patricia)* | *LINGUA GALEGA (José A.)* |
| 10.35<br>11.15 | *MATEMÁTICAS 2 (Juan)* | *LINGUA GALEGA (José A.)* | *MATEMÁTICAS 3 (Juan)* | *LENGUA CASTELLANA (Juan)* | *MATEMÁTICAS 4 (Juan)* |
| 11.15-11.45 | MERENDA E HORA DE LER | | | | |
| 11.45-12.15 | RECREO | | | | |
| 12.15-13.00 | *INGLÉS (Paula)* | *EDUCACIÓN FÍSICA (Diego)* | *VALORES/ RELIXIÓN (José A/ Juan S.)* | *PLÁSTICA (Patricia)* | *MATEMÁTICAS 5 (Juan)* |
| 13.00-13.45 | *INGLÉS (Paula)* | *EDUCACIÓN FÍSICA (Diego)* | *MÚSICA (Patricia)* | *OBRADOIRO DE EXPRESIÓN ORAL (Arcadio)* | *LENGUA CASTELLANA (Juan)* |
| 13.45-14.00 | RECOLLIDA E ORDE DA AULA. SAÍDA ESCALONADA | | | | |

6ºB

# Comunicación coas familias

**Martes**, en horario de **17.00 a 18.00** horas as persoas titoras, establecerán contacto, con aviso previo, a través de **chamada telefónica (con número oculto)**

- As **titorías** solicitaranse en todos os casos mediante a **axenda** do alumno, co fin de recabar información se fose necesario, e dar cumprida satisfacción aos seus requerimentos.

- Os **correos electrónicos** e as aplicacións **TokApp e Abalar** son para a comunicación unidireccional do Centro Escolar coas familias, ademais das circulares en papel coas que poidan coexistir.

- Calquera outra cuestión será tratada nas **titorías**.

6º

# As Competencias Clave

Educar por competencias

Efectuar unha tarefa con eficacia nun contexto
(aplicar os coñecementos no día a día)
* SUPÓN: mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes de maneira integrada.




Competencia lingüística
Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía
Competencia dixital
Aprender a aprender
C. Sociais e cívicas
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
Conciencia e expresión cultural
Estas competencias serán traballadas a través das áreas curriculares

6º

# Liñas básicas de traballo

Promover o traballo individual.

Incentivar o traballo grupal e cooperativo.

Desenvolver a responsabilidade e autonomía.

Asumir o traballo educativo (escolar e familiar).

Desenvolver unha actitude activa e positiva.



6º

# Tarefas extraescolares

- Rutinas en casa. Establecer un horario fixo dentro do que sexa posible.
- A Aula Virrtual será a canle principal para a realización das tarefas extraescolares
- Tipos de tarefas: tarefas non rematadas na clase, tarefas creativas, tarefas de investigación, de reforzo…. Serven para crear un hábito de traballo e consolidar as aprendizaxes.
- Facer as tarefas sen distraccións, nin TV, nin música estridente, …
- O tempo máximo de traballo non debería levar máis de 1 hora.
- Intentar non correxir, nin facerlle as tarefas.
- Lectura diaria en casa.



# Áreas curriculares e Contidos

## ÁREA DE MATEMÁTICAS

### OBXECTIVO

**Empregar os coñecementos matemáticos para resolver situacións da vida cotiá.**

Cálculo Mental.
Numeración.
Operacións básicas (sumas, restas, multiplicacións e divisións).
Resolución de problemas matemáticos.
Interpretación  e elaboración de gráficas
Unidades de medida.
Xeometría.
Azar e probabilidade.

6º

# Áreas curriculares e Contidos

## ÁREA DE LINGUA E LITERATURA
Galega e Castelá

### OBXECTIVO

**Seguir avanzando na lectura e escritura e na expresión e comprensión oral.**

- **Lectura**. Fluidez e entonación acordes a súa idade.
- **Comprensión de textos** orales e escritos. Contar o argumento. Respostar axeitadamente sobre o texto lido.
- **Comunicación e expresión oral**. Escoitar atentamente aos demáis, participar en conversas, respectando o turno de palabra, relatar acontecementos, describir persoas, animais e obxectos.
- **Construcción de textos** sinxelos tales como narracións ou redaccións, cartas, listas, ...
- **Caligrafía:** Presentar os traballos limpos e respectar os marxes.

6º

# Áreas curriculares e Contidos

## ÁREA DE LINGUA E LITERATURA
Galega e Castelá

### OBXECTIVO

**Seguir avanzando na lectura e escritura e na expresión e comprensión oral.**

- **Ortografía**: Aplicar as regras ortográficas básicas.
- Coñecer o uso básico dos signos de puntuación.
- **Gramática**: Recoñecer as categorías gramaticais: sustantivo, verbo,etc
- Identificar os verbos e o seu tempo verbal.
- Expresión escrita creativa e estudio da historia e lendas galegas

6º

# Áreas curriculares e Contidos

## CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS

### OBXECTIVO

**Seguir avanzando na competencia investigadora, de tratamento da información e na elaboración de solucións a problemas sociais e naturais**

- Desenvolver a capacidade de **observar**, buscar as **ideas principais** nun texto informativo e aplicalas noutros contextos.
- Facer **esquemas**.
- Comparar e extraer **conclusións**.
- Traballar **facendo e investigando**. Intentando memorizar de maneira comprensiva a través da **experimentación** e o **descubrimento**,  a **acción** e a **manipulación**.
- Facer **liñas de tempo** para coñecer e comprender a historia.
- Facer pequenos **experimentos científicos** axeitados á súa idade.

6º

# Áreas curriculares e Contidos

## VALORES

**OBXECTIVO**

- Fomentar os valores cívicos e sociais. A través de textos, vídeos, debates.

## PLÁSTICA

**OBXECTIVO**

- Afianzar diversas técnicas, texturas, a cor, análise de obras artísticas...

6º

# Áreas curriculares e Contidos

## EDUCACIÓN FÍSICA

### OBXECTIVO

É unha área primordial para a expresión persoal e para desenvolver actitudes colaborativas cos compañeiros e de coidado persoal:

É conveniente habitualos a realizar un aseo despóis das actividades físicas

## LINGUA INGLESA

### OBXECTIVO

-Fomentar a aprendizaxe da lingua estraxeira a través das **catro destrezas básicas**: Listening (Escoita), Speaking (Falar), Reading (Lectura), Writing (Escritura)
- Traballo individual, en parellas e grupal.

6º

# Metodoloxía de traballo: Didáctica e Avaliación



# Principios metodolóxicos xerais

O **proceso de ensinanza e aprendizaxe** debe cumprir os seguintes requisitos:

- **Partir do nivel de desenvolvemento** do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a **construcción de aprendizaxes significativos** a través da movilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por **eles mesmos**.
- Favorecer situacións nas que os alumnos deben **actualizar** os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para eles, co fin de que resulten **motivadoras**.

# Principios metodolóxicos xerais

Ao longo deste curso o traballo diario centrarase en:

- Recuperar aprendizaxes do terceiro trimestre do pasado curso
- Afianzar os saberes imprescindibles do curso
- Traballar os contidos das distintas áreas educativas de xeito globalizado
- Establecer programas individualizados para o alumnado que o necesite
- Aproveitar o modelo de traballo colaborativo entre iguais

6º

# Avaliación

## Avaliación Inicial

- Durante o mes de setembro  realizouse unha **avaliación inicial** para coñecer a situación real dos alumnos en canto nivel emocional, a competencias e contidos curriculares, así como as características xerais do grupo, co obxectivo de centrar as intervencións educativas..

6º

# Avaliación

## Avaliación Continua

- Trátase da avaliación diaria das distintas áreas curriculares. Realízase a través da análise da:
    - Participación activa na clase
    - Traballos nos cadernos (rematados, caligrafía, presentación, ...)
    - Traballos grupais.
    - Probas escritas e orais
    - Compromiso coas tarefas escolares complementarias
    - Cumprimento das normas
    - Respecto aos compañeiros e profesorado
    - Comportamento na aula

6º

# Avaliación

## Avaliación Final

- Ao remate de cada trimestre realízase unha valoración do desenvolvemento das súas capacidades e competencias, na que terá en conta a evolución e a consecución dos obxectivos.
- Farase entrega do **Boletín trimestral** no que figurará a cualificación numérica que veremos máis adiante.
- Deberá remitirse ao centro firmado por un dos pais ou titores legais.
- Prégase traer sóamente **a parte de abaixo recortada**. As notas quédanse en casa.

# Avaliación

## Cualificación Final

A **cualificación final** será o resultado de aplicar os seguintes **criterios**:

a) criterios de avaliación de logro académico: acadar os distintos obxectivos propostos nas áreas. Atendendo sempre ás diferenzas individuais e, ás posibilidades e capacidades dos rapaces e rapazas, suporían o **60%** da nota ou cualificación definitiva. **Contidos e competencias.**

b) criterio de esforzo e compromiso como estudante : valorar a actitude e o esforzo persoal na cualificación das áreas e do curso e a capacidade para o traballo colectivo, suporían o **30%** da nota ou cualificación definitiva. **Traballo diario. Traballo individual e colectivo.**

c) criterio de traballo social e cooperativo nas aprendizaxes :o comportamento do alumno/a cos seus compañeiros e compañeiras e o cumprimento das normas de convivencia. Suporían o **10%** da nota ou cualificación definitiva. **Cumprimento das normas. Plan de Convivencia.**

6º

# Avaliación

## Criterios de avaliación

A avaliación será expresada nos termos:

- ***INSUFICIENTE* (IN)** para as cualificacións negativas,
- ***SUFICIENTE (SU)*****,**
- ***BEN (BE)***,
- ***NOTABLE (NT)*** **ou**
- ***SOBRESALIENTE (SB)*** para as cualificacións positivas.

A estes termos achegaráselles a súa correspondente cualificación numérica:

| INSUFICIENTE | SUFICIENTE | BIEN | NOTABLE | SOBRESALIENTE |
|---|---|---|---|---|
| 1, 2, 3 ou 4 | 5 | 6 | 7 ou 8 | 9 ou 10 |

# Espazos e tempos lectores



## BIBLIOTECA e AULA

**Neste momento, debido á situación sanitaria  e seguindo o protocolo COVID 19,  o alumnado non fará uso do espazo da biblioteca.**

**- Na aula farase o préstamo de libros de biblioteca a partir dunha selección de títulos variados, tipos de textos e diversidade en canto a idiomas.**

*As familias fomentarán que os seus fillos sexan responsables de devolver os libros prestados no prazo estipulado e coidalos axeitadamente.*
***O alumnado poderá levar o libro por unha semana***.

***- A biblioteca do centro organizará  actividades coma*** **Obradoiros de escrita, Conmemoracións anuais (Día Internacional das Bibliotecas, Día da Paz, Día da poesía e o Día do Libro...)**

6º

# Espazos e tempos lectores

## BIBLIOTECA

- **de aula:**

  - creada con **fondos da biblioteca** de centro e **aportacións propias** (voluntariamente).

  - dotada de variedade de fondos **axeitados á súa idade**, tanto en galego como en castelán.

  - lectura persoal ou en pequenos grupos.

6º

# Espazos e tempos lectores

## HORA DE LER

- **15 minutos** de lectura diaria antes do recreo: lectura persoal o colectiva,

- **Itinerario lector:**

Parte do Plan lector del centro. Cada curso lee **dous libros** ao longo do curso escolar. Un en galego e outro en castelán, que máis adiante se concretarán os títulos.

6º

# Aula TAC. Ferramentas dixitais

## AULA TAC

- **Dúas sesións semanais** coa titora para traballar aspectos relacionados co currículo e aprender a manexar diversas ferramentas dixitais: ***manexar ordenador, navegar por internet, búsqueda de páxinas web, aula virtual do centro etc.***

## INTEGRACIÓN NA AULA

- Propostas didácticas na aula en función de recursos dispoñibles na web, aula virtual do centro, uso dunha de correo electrónico no entorno seguro de Google Suite, con dominio propio. (mestres/as-alumnado), etc.



6º

# Aula Virtual

## Aula Virtual do CEIP Escultor Acuña




Ola "Escultoras e Escultores". Xa estamos en marcha no novo curso 2020-2021. Imos utilizar a nosa Aula Virtual para seguir aprendendo, compartir ideas e recursos e navegar pola rede Internet.

Utilizaremos dous cursos:

1) Aula Virtual 2020-2021 para traballar dende casa e dende o cole. Neste espazo cada alumna/o poderá acceder as tarefas do seu curso.

2) Aula na Casa: un espazo por se temos que estar en corentena ou illados temporalmente por causa da COVID 19.

Veña, imos con moita ilusión a desfrutar das experiencias e retos na nosa Aula Virtual. Ániiiiiimo!!!

**AULA VIRTUAL**




Acceso Aula Virtual

Iniciar sesión: Acceso

Utilizaremos a aula virtual do centro coma espazo dixital para a realización de tarefas tanto na aula coma na casa (tarefas de reforzo, tarefas extraescolares...)



6º

# Material de aula

## LISTADO DE MATERIAL ESCOLAR PARA O PRESENTE CURSO

**Cadernos:**



- 6 cadernos grandes (tamaño DIN A-4) con sistema de gropado ( Exemplo: Modelo PAPYRUS- ver imaxe). 4 cuadriculados ( Matemáticas , Ciencias Sociais, Naturais) e 2 raiados ( Lingua Galega, Lingua Castelá).
- 1 caderno pequeno DIN A5 (só alumnado de Valores Sociais e Cívicos)
- 1 caderno con sistema de gropado. Exemplo: Modelo PAPYRUS (tamaño e pauta a escoller) para Inglés.

**Material complementario:**

- 2 lapis
- 2 gomas
- 2 bolígrafos azuis e outro vermello.
- 1 tesoira de punta roma.
- 1 afialapis.
- 1 carpeta plástica con fuelle



- 1 caixa de 12 lapis de cores.
- 1 caixa de 12 ceras brandas.
- 1 regra de 30 centímetros de lonxitude.
- 1 escuadra, 1 cartabón e 1 transportador de ángulos.
- 1 compás.
- 1 barra de cola.
- 1 axenda escolar 2020-2021( Para anotacións de tarefas, comunicacións familia-titor...)
- 1 bloc de debuxo para Educación Artística de 20-30 láminas con marco.
- 1 paquete de 100 folios.
- 2 bolsas- estoxos para gardar lapis, pinturas, etcétera.
- 1 dicionario de castelán e outro de galego.
- 1 caderno de pentagramas ancho.***
- Carpeta do curso pasado de música.
- Calcetíns para música.***
- 1 neceser con material de aseo para a área de educación física (xabón, toalla e camiseta de recambio)***
- 1 rotulador "Velleda" para pizarra
- 1 pendrive USB
- 1 mascarilla de repuesto e bolsa para gardala.
- 1 botella de auga de uso persoal.
- 1 caixa/cofre de plástico para gardar individualmente os libros de cada alumno/a, segundo o modelo:



<u>Nota:</u> se tedes algún problema co material, falade cos vosos titores. **Pódedes aproveitar o material do curso pasado, sempre e cando estea nun estado aceptable.** Ao longo do curso podemos solicitar material persoal complementario para o traballo escolar ( calculadora, etcétera). É necesario que **todo o material** veña co nome, así como a **roupa** que poida perderse (cazadora, chándal, bufanda, neceser...).
Ao longo do mes de setembro serán entregados os libros de texto do fondo solidario así como as normas de uso.

Un saúdo e benvidos ao novo curso.

6º

# Proxectos do Centro

**Proxecto Erasmus KA1 ( duración de dous cursos): “Abriendo puertas, conectando mentes”**




- Internacionalización
- Competencias dixitais
- Aprendizaxe de idiomas
- Patrimonio cultural europeo
- Creación dun banco de recursos e actividades que comparten profesorado e alumnado

**Proxecto de Medio ambiente.**



-Actividades no horto do centro
- Obradoiros

6º

# Actividades extraescolares

Suspendidas as actividades extraescolares (no centro pola tarde) debido a situación sanitaria.




6º

# Hábitos e normas de convivencia

6º

# Plan de Convivencia do Centro

- Estreita colaboración entre **escola e familia** para que o esforzo educativo teña éxito.
- Manter un **discurso conxunto e complementario** sobre a súa educación e responsabilidades escolares.
- Ser **cómplices.**
- **Cooperar** co centro en casos de **indisciplina**, agresividade, etc.
- **Non desautorizar** ao profesorado diante dos fillos.
- Aclarar posibles **discrepancias** que poidan xurdir. Calquera dúbida tratala conmigo primeiramente.



6º



# Normas Xerais

- A importancia de **chegar puntuais** (cubrir impreso na entrada ou enviarase a casa para xustificar o motivo da tardanza).
- A importancia de **asistir a clase**, excepto por motivos claramente xustificados (imprescindible xustificación en secretaría). A partires de 2 faltas sen xustificar ao mes, temos a obrigación de comunicalo aos Servicios Sociais, vía departamento de orientación.
- Seguir as **pautas de convivencia** na aula e nas zonas comúns: corredores, patios, comedor, autobús,…
- Respectar os **horarios de atención ao público** de Secretaría e Dirección.

6º

# Hábitos diarios

- Revisar **axenda**: tarefas, notas, convocatoria a titorías, ou calquera outra notificación.
- Revisar **horario**: non esquecer o material  da xornada escolar.
- Fomentar a responsabilidade do **uso do material:** coidar os libros de texto e responsabilizarse do resto coidar e **traer todo o material a clase**.
- Merendas **saudables.**
- **Hixiene**. Vir aseados ao colexio e revisar periódicamente as cabezas para previr o risco de infestarse de piollos.
- **Durmir** o necesario.
- Fomentar diariamente na casa o **hábito da lectura**. (10-15 min/día).
- **Enfermidade**: non asistir ao colexio ata a súa recuperación.

6º

# GRAZAS
# POLA VOSA ATENCIÓN

## Ante calquera dúbida, contactar coas titorías

6º